





NADADORO



AÑO : 00

NÚM 15

FELIZ
NADAL



Colexio
Público
TORRE
CELA.

Damián
Habrado
4º B

SAUDO

¡ HOLA, AMIGOS LECTORES!

Aquí estamos outro ano máis os redactores de "FALADOIRO" ue, xunto con outros compañeiros e os rapaces de tódolos cursos, ende preescolar ata octavo, facemos este periódico escolar.

Nel atoparedes o seguinte:

- PORTADA Damián Malvido de 4ºB
- INDICE Equipo de redacción
- PICTOGRAMA E. INFANTIL (5 ANOS)
- SE NON QUERES ACABAR ASI Ramón Cerviño - 8º
- UNHA ADIVIÑA PARA O MAGOSTO Noemí Durán - 2º
- O MAGOSTO NO COLEXIO Marina Nogueira - 2º
- LA JABALINA CHULINA Y SUS JABATOS ... Delia Vázquez - 4ºB
- O SIGNIFICADO DOS NOMES Javier y Celso - 6ºB
- CALENDARIO..... Alumnos de 5ºA e 5º B
- ESCRITO O CONCELLO DE BUEU..... Consello Escolar
- AS PLANTAS MEDICINAIS ///..... Olegario, María, Julio, Martín, Ana.
de 7º B
- ACIBO (ILEX AQUIFOLIUM) Iván Menduiña de 6ºB
- O PASTOR E OS TRES DESEXOS..... Ma José Otero de 6ºB
- HUMOR..... Manuel e José Manuel de
- AS FONTES DE CELA Charo Agulla, Carmela de 7ºA e
Julio e Martín de 7ºB
- APARELLOS..... Olegario e Vicente Ríos de 7ºB
- O CASTIÑEIRO E O MAGOSTO..... Sofía Fazanes de 8º
- DEPORTES Adrián e Vicente Ríos de 7ºB
- ADIVIÑAS Manuel e José Miguel de 6ºA
- SUPERPASATEMPOS Andrea Fernández de 7ºA
- O TRABALLO DA NOSA PARROQUIA..... Noelia de 6ºB


Xa nos despedimos e desaxamosile que sexa do seu agrado e, ATA O PROXIMO NUMERO.

Inés, Diego, Adrián, Luís, Covelo.





INFANTIL.
5 AÑOS.

PICTOGRAMA

"La seta de LU"




Simbolos :

	→ ve		→ va hacia
	→ huele		→ come


SE NON QUERES ACABAR ASI

"A droga é moi cara, nove grandes capitais de diñeiro, naturalmente os traficantes non poden reparar todo o dano que esta droga vai a causar. O único que buscan e o comercio e enriquecerse como poden"

Emilio Butaguens



Rompe
coa
Droga



Ramón Capel Valero

LINHA ADI VIÑA PARA

O MAGOSTO

Alto estou, a cor do ouro teño,

por unha risada pendín o que teño.



Noemi Duran Vidal 2º



8^o



7^o



6^o



5^o



4^o



3^o



2^o




1^o



pre.




Marina Nogueira
Gomes, 2^a



LA JABALINA, CHULINA Y SUS JABATOS.

4° B

Érase una vez una jabalina de nombre Chulina que iba a tener hijitos. Todos los animales del bosque le llevaban alimentos, como por ejemplo, hierbas, granos, frutos y otras muchas cosas.



Una coneja que pasaba por allí, le preguntó a Chulina:

-¿Qué nombre le vas a poner a tus jabatos? Y respondió:
- Al primero le pondré el nombre de Chupin y a la segunda lapita. Respondió la madre sin dudar.

Al llegar el día en que iban a nacer los jabatos, la madre se fue para un sitio tranquilo para tener sus hijos. Después de nacer los jabatos, todos los animales acudieron a verlos. Organizaron una fiesta para celebrar el acontecimiento.

Lo pasaron muy bien y se divertieron mucho. Después de un tiempo, los jabatos crecieron, y ya podían valerse por sí mismos, pero unos cazadores mataron a su madre.



Y antes de morir su madre les dijo:

- Ir a junto de lapinto que es un jabalí amigo mío y él os cuidara.

Los jabatos se despidieron de su madre y la olvidaron, y se fueron con su padre adoptivo.

Delia Vázquez
Estívez

O SIGNIFICADO DOS NOMES

Cada nome ten unha definición e un significado na lingua de orixe, aquí tedes algúns.

HUGO : Xermano: intelixencia, bo sentido

ALEXANDRE : Grego: enocho

FERMÍN : Latín: firme, seguro

AFONSO : Xermano: preparado para o combate.

FERNÁN : Xermano: intelixente ou atrevido.

DIEGO : Hebro: o segundo

GONZALO : Xermano: home disposto ^{[loita.} para a

ALBA : Latín: aurora branca

ANDREA : Grego: viril, propio de homes.

FATIMA Árabe: doncela.

ESPERANZA Latín: esperanza

LIDIA : Grego: orixinaria de Lyd

MÓNICA Grego: solitaria

MONSERRAT Catalán: monte en forma de serra

NEVES Latín: neves.

RAQUEL Hebro: ovella

XEMA Latín: pedra preciosa, xema

SILVIA Latín: silvestre


PAULA Latín: pequena

CARLOS Xermano: viril

ROBERTO Xermano: glorioso e famoso

XOAN : Hebro: Deus propicio

RITA : Latín: aférese de Margarida ^{Isabel}



celso 6.13

MARTÍN
DE DUMIO



Isabel
6º B.

AFONSO
VII


REFRÁNS

Foda en xaneiro,
vendima no sombreiro.

Cando chove por fe-
breiro, todo o ano é tem-
porreiro.

Narro, marrán, pola
maná careña de rosa
e pola tarde cara de
can.

CARNAVAL



XANEIRO

		1	2	3		
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

FEBREIRO

							7
8	9	10	11	12	13	14	
15	16	17	18	19	20	21	
22	23	24	25	26	27	28	

MARZO

							7
8	9	10	11	12	13	14	
15	16	17	18	19	20	21	
22	23	24	25	26	27	28	
29	30	31					

REFRÁNS

No principio ou no fin, Abril é ruín.

Maio chuvioso, verán caluroso.

A chuvia de San Xoán tolle o verán e non da par.

AS FOGUEIRAS



5ªA

ABRIL

	1	2	3	4
5	6	7	8	9
10	11	12	13	14
15	16	17	18	19
20	21	22	23	24
25	26	27	28	29
30				

MARZO

	1	2
3	4	5
6	7	8
9	10	11
12	13	14
15	16	17
18	19	20
21	22	23
24	25	26
27	28	29
30		

XUÑO

	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

REFRANS

* A sua de Outubro, sete cobre.

* Pelo San Martinho, trompas o camião.

* Pela santa Susaia, mimosa a noite e crece o dia.

5º B



SON NADAL



OUTUBRO

				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

NOVEMBRO

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

DECEMBRO

						1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12				
13	14	15	16	17	18	19				
20	21	22	23	24	25	26				
27	28	29	30	31						



Colexio Público de Torre-Bueu
(PONTEVEDRA)

ESCRITO ENVIADO


O CONCELLO DE BUEU

POLO CONSELLO ESCOLAR

Pola presente diríxome a V.I. para solicitarlle sexan atendidas algunhas das necesidades do centro, sobre todo tendo en conta que a meirande parte están pendentas de solución dende fai tempo.

Ditas necesidades son as seguintes:

- Facer que os barrotes das aulas se poidan abrir para un caso de emerxencia ou perigo.
- Colocar unha rede elevada sobre o recinto do patio de xogo para evitar a saída de balóns as fincas colindantes.
- Colocar un punto de auga na aula de Educación Infantil e no patio.
- Facer un galpón para gardar o material de ximnasia
- Traer area para o foso de xogo dos alumnos de E. Infantil.
- Facer accesibles os urinarios para os nenos de E. Infantil
- Amañar a superficie do patio de xogo do colexio desfeito polas obras deste verán.
- Arranxar o entorno das vivendas escolares para poder aparcas alí os coches.
- Instalar un portal na zona das vivendas, xa que por ese lugar os alumnos poden acceder directamente a estrada.
- Arranxar o tellado ou canaleta das vivendas escolares xa que está a entrar auga continuamente.
- Adecentar o xardín da zona do patio .
- Instalar bancos no patio para os alumnos.
- Enviar papel hixiénico con urxencia.
- Abonar a factura de carga dos extintores do colexio
- Dotar ó colexio dunha aspiradora para realizar a limpeza do mesmo.
- Adquisición de terreos para ampliar o patio de xogo do colexio.
- Trasladar dunha vez o colexio as canastas de baloncesto prometidas



- Un policia municipal para vixiar as entradas e saídas dos alumnos, dado que o transporte escolar os deixa e recolle nun cruce de estradas fora do recinto escolar.

Esperando ser atendidos o máis axiña posible, asino a presente en

Cela a 16 de decembro de 1992

POLO CONSELLO ESCOLAR

O DIRECTOR .



Asdo.: D. JOSE LUIS PEDROSA DOPAZO




ILMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU

NOME: LOUREIRO.

LOCALIZACIÓN: NOS CAMIÑOS E NOS MONTES.

DESCRICION: LEÑOSO, TALO E FOLLAS VERDES, COR AMARELA E O SEU FROITO SON GRANS NEGROS.

UTILIZACION: E BOA PARA AS PICADURAS DE SERPE, PARA DIXERIR A DIXESTIÓN E PARA FAGER AS COMIDAS.




NOME: Xiridonia / Celidonia / Ceruda / Herba da andorriña

LOCALIZACION: NOS MONTES.

DESCRICION: TALO E FOLLAS VERDES, FLOR AMARELA.

UTILIZACION: O LIQUIDO QUE TEN DENTRO E AMARELO E BO PARA OS CORTES, OS GRANS E AS BERRUGAS.




NOME: FOLHA DE LIMOEIRA

LOCALIZACIÓN: NA HORTA.

DESCRICIÓN: LEÑOSO, E FOLLAS VERDES, FLORES BRANCAS E O PROITO E O LIMÓN.

UTILIZACIÓN: PARA BAIXA-LA FEBRE, PONSE TAL COMO ESTÁ NA ESPALDA OU CORTANDO EN TROZOS O LIMÓN E FROTANDO NA FRENTE.



NOME: FOLHA DE LARANXEIRA:

LOCALIZACIÓN: NA HORTA.

DESCRICIÓN: LEÑOSO, TRONCO E FOLLAS VERDES, FLORES BRANCAS E AMARELAS. PROITO E A LARANXA. (1)

UTILIZACIÓN: PARA A TOS FORTE, EN INFUSIÓN CON AZUCRE E PARA A CABEZA EN INFUSIÓN.



(1) A flor branca da laranxeira, limoeira ou cidreira recibe o nome de FLOR DE AZAR.

NOME: EUCALIPTO.

LOCALIZACIÓN: NOS MONTES.

DESCRICIÓN: LENOSO, TRONCO E FOLHAS VERDES, CON RAÍZES MOI PROFUNDAS

UTILIZAÇÃO: PARA DESATASCAR OS BRONQUIOS E PARATOS. FERVER NUMHA OLLA E PONSE NA HABITACIÓN PARA RESPIRAR OS VAPORES.




NOME: O TOXO.

LOCALIZACIÓN/: NOS MONTES.

DESCRICIÓN: TALO DE COR VERDE E FLOR AMARELA CON PINCHOS.

UTILIZAÇÃO: PARA FACER COMBUSTIBLES, LICOR E VENEÑO.




NOME: HERBA LUISA

LOCALIZAÇÃO: NA HORTA E NA FINCA

DESCRIÇÃO: TALO E FOLLAS VERDES, E FLORES MORADAS

UTILIZAÇÃO: CURA O DOR DE BARRIGA AXUDA A DIXERI-LO ALIMENTO.




NOME: ROMEU

LOCALIZAÇÃO: NOS CAMPOS E NAS FINCAS

DESCRIÇÃO: LEŃOSO, FOLLAS VERDES RAMIFICADAS E FLORES MORADAS

UTILIZAÇÃO: PARA O COLESTERAL, EN INFUSIÓN DE ROMEU CUM DENTE DE ALLO
PARA A DOR DE CABEZA, PRA CALMAR OS NERVIOS EN INFUSION.
TAMÉN É BOA PARA OS GOLPES, PONSE A FERVER CON VIÑO E ME-
TESE A AUGA QUE SOBROU NA FERIDA.



(1)

ACIBO (ILEX AQUIFOLIUM)

O acibo é un arbusto ou arboriño de dous a cinco metros de alto. Pode chegar a ter quince ou máis. Na parte baixa, con moita frecuencia soen ter espigas. As follas son simples e de marxes onduladas. A cortiza é lisa e gris. O froito é unha bolilla vermella que serve de alimento a moitos vertebrados comedores de prantas.

O acibo fonte de alimentación.

De Moitas especies de vertebrados no inverno, xa que outras árbores escasean de froitas e follas.

Refuxio contra as inclementcias do tempo e os predadores.


No interior dun acibeiro chega haber de tres a cinco graos de temperatura sobre a do exterior.

Tamén a súa follaxe é unha axeitada cobertura contra as ventesiás e neviscadas. Ademais as follas -teñen pincho- sérvenlles a algúns paxariños para escondérense dos seus predadores naturais.

A lei de protección e o acibo.

A importancia ecolóxica do acibo e a tala excesiva a que se somete como planta ornamental neste mes de decembro - festas do Nadal-, deron lugar a súa protección na comunidade Autónoma Galega desde o ano 1984; prohibíndose a súa corta, tráfico, mercado e mostra en todo o territorio galego, non sendo cando sexan pés procedentes de viveiro con axeitada acreditación.

Iván Menduña



As follas son simples e de marxes onduladas.

(1) É o nome polo que é coñecido por todos os botánicos do mundo.

O PASTOR E OS

POR

MOSE OTERO C.B.

TRES DESEXOS

Unha vez houbo un pastor que tiña unha ovella moi bonita. Chegou a peste e a ovella morreu. O pastor quedou moi triste porque a súa única compañia era a ovella.

Unha noite o pastor estaba durmindo cando apareceu un anxo e despertouno. El quedou moi sorprendido.

O anxo dixo:

- Se encontras tres cousas que eu che vou a dicir, concederánseche tres desexos.

-Moi ben- dixo o pastor. E, ¿cáles son esas tres cousas?

- Se vas a aquela montaña mañán, direichas. Vereite alí dentro dunha semana, se é que atopas as cousas. Se as atopas eu concedereiche os tres desexos.

O día seguinte pola mañá o pastor xa estaba na montaña. Dalí a un chisco chegou o anxo e díxolle:

- A primeira cousa é unha moeda de ouro; a segunda é unha moeda de prata e a terceira é unha moeda de bronce. Despois

de dicir eso desapareceu. O pastor comenzou a buscar por tódolos sitios que el coñecía.

O día seguinte viu unha nota cravada na porta que dicía: "As moedas están agachadas dentro da túa casa, pero ten en conta que están moi ben agachadas".


Xa era día cando o pastor se ergueu. Fixo o almorzo e ordeou a casa. Despois empezou a buscar sin desordear moito. Xa eran as doce cando o pastor mirou o reloxo. Empezou a facer de comer e



(Segue →)

e despois de comer botouse a durmir un pouco. Alá polas cinco despertou e empezou de novo a buscar. Tropezou cunha baldosa e viu que a moeda estaba debaixo dela. Colléuna e bailou de felicidade por tela encontrado.

Empezou a busca das dúas moedas que lle faltaban. Despois agarrouse a un cadro e o cadro abriu unha portiña na que se achaba outra das moedas.



Por fin xa só quedaba unha moeda por encontrar. Fíxose de noite e o pastor quedou durmido do cansado que estaba.

O día seguinte comenzou de novo a busca da moeda que lle quedaba por encontrar.


Estaba tan farento que foi á alacea a buscar mermelada e botouna ó pan. Cando o mordeu sentiu algo duro. Sacou aquilo duro da boca e era a outra moeda.

Era domingo e a semana xa remataba.

O pastor volveu á montaña onde o esperaba o anxo.

O anxo concedeu-lle os tres desexos e o pastor entón foi feliz para sempre na súa vida.

E ¡Colorín, colorado, o conto está rematado!



Ma José Otero de 6º B

JA-JA-JA-JA

JA-JA

JA
|
JA
|
JA
|

JA
|
JA
|
JA
|
JA

-Capitán, Capitán, ¿quién monos
-¡Cala, imbecil! que isto é un
submarino.

R

Chega un home a unha biblioteca
e di:
-Podíame dar-lo libro "España,
gran imperio do mundo".
-Ciencia-ficción, subindo á dereita.

U

-Oia, por favor é o 38 0 70??
-Non, non é...
-¿Entón por qué contestas?

M

Chega un home cunha bicicleta
a unha gasolinera...
Póname un litro de gasolina
-Oia -di o empregado - a ver tede
fáltalle un tornillo.
Pois pánamo tamén.....

O

-¿De onde raías ves?
-Veo do médico e díxame que
teño o estómago sucio.
-Pois se che mira os pés...

R

Está Taimito na clase e o profesor
pregúntalle:
-Taimito, ¿dime pronomes?
-¿Quen, eu?
-Moi ben, aprobado.

|
JA
|
JA
|
JA
|
JA

JA
|
JA
|
JA
|
JA
|
JA

JA




Manuel

José M

JA JA


JA - JA - JA

JA
|
JA



A FONTE DAS ALBAS

E unha fonte rodeada de canas indias e dalgunhas herbas bravas. A auga nace nunha leira. E coñecida desde o ano 1884. Está feita de pedra, e está tan abandonada que parece que as pedras lle van cair. A súa auga é limpa e cristalina coma un espello. Esta fonte nunca secou. A súa auga vai dar a un rego que desemboca nun pozo abandonado, cheo de herbas e terra. O pozo está cerrado cuns cantos ladrillos.



A FONTE DO AVAÑO

Foi feita no ano 1912. O seu carón pasa un río onde vai dar a auga da fonte, que a súa vez vai desembocar a praia de portomaior. Fai tempo esta fonte tiña un lavadeiro, onde as mulleres ían lava-la roupa. Alí mesmo hai un muiño onde a xente ía, noutros tempos, a moe-lo millo.

A FONTE DA CACHADA

Fundada no ano 1.943. A fonte desagua nun lavadeiro onde as mulleres ían, ata fai ben pouco, a lava-la roupa, pero agora xa non se usa porque está cheo de terra.

A FONTE DE CASTRELO

E moi recente, foi feita no ano 1.976. A auga que sae da fonte vai dar un pozo onde se lava a roupa.

A FONTE DA FONTEALTA

Data do ano 1.916. A súa auga xuntase coa dun pozo e vai pola Fontealta abaixo, utilizándose para rega-las viñas.

A FONTE DA NOGUEIRA

Feita no ano 1.854. Usase para rega-las viñas.

A FONTE DO OUTEIRO

Data do ano 1.899. As súas augas aproveitanse para un lavadeiro, pero está sen utilizar porque o lugar está cheo de ratas.

A FONTE DOS PESCADORES

Está rodeada de hedras e outras herbas bravas, aínda que foi renovada fai moi pouco tempo. Está situada no camiño, cheo de pedras, que vai dar a praia de Covelo. A fonte nace debaixo dunha viña, e o lugar esta rodeado de viñas e leiras. A fonte data do ano 1.930. E moi utilizada pola xente que vai a praia, e a súa auga é moi fresca.



A FONTE DE RESILLE

Feita no ano 1,794, aínda que dada a súa antigüidade foi restaurada. A súa auga pasa a un pío e logo segue por un rego ata que se mete por debaixo da terra.


A FONTE DE SABARIGO

Feita no ano 1.934, aínda que hai quen di que data de 1.910. Está rodeada de musgo e herbas. Está ben cuidada, porque queda pre-

to das casas. Arredor da fonte hai moitas leiras. Está feita de pedra e é moi bonita. A súa auga é limpa e transparente coma o cristal. A auga chega ata a fonte por un túnel dende a montaña.

Pasa por debaixo de moitas leiras. A auga da fonte vai por un rego e da nun lavadoiro onde as mulleres poden lava-la roupa.

No verán moita xente aproximase ata alí para colle-la súa auga, dada súa frescura. E unha fonte que nunca se agota.



A FONTE DO TOUBO

Data de 1.909. Foi usada polos veciños durante moito tempo, pero como agora fixeron unha arqueta, o seu carón, a fonte secou.

A FONTE VELLA

Feita no ano 1.937. A súa auga vai dar a outra fonte.

JULIO RODRIGUEZ
MARTIN SOAGE
CHARO AGULLA
CARMEIA ENTENZA



A pescá é tan antiga como o home. Vamos a describir algúns dos aparellos máis utilizados na nosa ría.

a) AS VETAS: son aparellos de tanza que serven para pescar varios tipos de peixes.

b) OS MINOS: Son aparellos de fío que serven para pescar chocos, centolas, linguados, etc.

c) OS TRAMALLOS: Son aparellos de fío cos que se pescan róbalos, maragotas, fanecas, nécoras, etc.

d) AS NASAS DO MARISCO: Son de ferro ou de madeira. están recubertas de rede e pescan toda clase de marisco, centolas, nécoras, lumbrigantes ou bogavantes, camaróns e peixes.




e) A NASA DA FANECA: Son de ferro, recubertas de rede. Pesca marisco ou peixe.




HAI OUTROS TIPOS DE APARELLOS, COMO :

a) O RASTRO: É de ferro, e leva uns dentes e un cope. Tirase do barco cunha *malista*. Aquí tedes un debuxo de un rastros sen



b) O RASTRO DA VIEIRA: É de ferro e leva dentes e un cope. Aquí tedes outro debuxo:



Máis adiante falaremosvos doutros aparellos.

OLEGARIO MARTINEZ

O MAGOSTO


A CASTAÑA EN GALICIA

Hai xa miles de anos que hai castañas en Galicia. Algúns expertos din que os castiñeiros veñen da zona de Oriente Medio (Turquía) e que de alí se espallaron por toda Europa. Na Idade Media, cando se construíron a maior parte dos mosteiros de Galicia, os monxes foron limpando os montes de arredor e plantando máis ca nada castiñeiros e uñas. Deste xeito medraron moito os bosques de castiñeiros, que se chamaban soutos se nacen de seu, os castiñeiros se os planta o home.

Aí hai uns douscentos anos en que empezaron a sembrar en Galicia as patacas traídas de América, as castañas eran o alimento principal dos galegos durante o inverno. Conanse de moitos xeitos: asadas, cocidas, con leite, con mel, etc. Hai uns cen anos apareceu un "fungo" (a tinta ou fiteleira) que se metía nos castiñeiros e os facía apodrecer. Así en poucos anos foron desaparecendo miles de árbores e hoxe fican poucos dos que había daquela. Entón os biólogos xa descubriron un tipo de castiñeiro que non é atacado polo fungo e empezaron a repoboarse algunhas zonas dos montes con el.



FRUTO



O CASTINEIRO

O castiñeiro, é unha árbore de folia caduca que vive entre o mar e os 1000 m de altura, preferiblemente nos chans acedos. Medra axiña nos primeiros anos, e logo máis a modo.

As follas son longas, grandes (ata 30cm.) e de beirás dentadas, con peciolos curtos que lle caen todos os anos polo outono.

Os froites son ovais, verdes e con moitos pinchos, que abren no outono en catro partes soltando as castañas (de 2 a 5 en cada ovillo).

O castiñeiro ten unha longa vida: moitos chegan a centos de anos e mesmo hai algúns que din que son milenarios. A súa madeira é moi boa, pois úsase moito para os mobles.

MAGOSTO

Magosto → festa ou reunión de xente para asar e comer castañas.

Acto de magostar ou asa-las castañas.

Conxunto de castañas que se asan.



DEPORTES

PARTICIPACION NOS XOGOS ESCOLARES GALEGOS

Os equipos do colexio de Cela participan na Campaña do Deporte escolar nos seguintes deportes:

ATLETISMO: Hai catro equipos, dous masculinos e dous femininos.

CAMPO A TRAVES: catro equipos, dous masculinos e dous femininos.

FUTBOL SALA: tres equipos masculinos.



XADREZ: seis equipos, tres masculinos e tres femininos.

RESULTADOS DAS COMPETICIONS

CAMPO A TRAVES:

Celebrouse o Cross de Montecarrasco (Cangas) no que participaron 54 corredores, dos que obtiveron medalla ESTEFANIA PADIN GARCIA

na categoría de alevín feminino e SANTIAGO DURAN COSTAS na de cadote masculino.

FUTBOL SALA:

Xogaron varios partidos cos seguintes resultados:


ALEVÍN	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º
	E. PONDAL	C.P. A RUA	C.P. COIRO B	BELUSO B	DARBO B	C ^A MARIA B	ALDAN B	M ^T CARRASCO
CELA			1-0	1-0				
INFANTIL	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º
	S ^A FAMILIA	COIRO A	BELUSO A	DARBO A	C ^A MARIA A	ALDAN	M ^T CARRASCO A	NAZARET A
CELA (A)	1-0	1-0	1-0	1-5	0-9			
INFANTIL	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º
	E. PONDAL	NAZARET B	COIRO B	BELUSO B	DARBO B	C ^A MARIA B	A RUA	M ^T CARRASCO B
CELA (B)			3-4	1-0	1-0	1-0		

II TORNEO DE XADREZ CELA

Estase a celebrar como o curso anterior o torneo de xadrez do colexio con unha alta participación: 58 alumnos.

Este curso optouse por facer dous grupos: Un de benxamines (1º, 2º, 3º e 4º curso) e outro de maiores.


No primeiro grupo xa hai tres finalistas: José Carballo Rosales de 4º, Agustín Fernández Resille de 2º e Pablo Cerviño Valero de 4º que disputarán entre eles as medallas de ouro, prata e bronce.



BALONMAN

A organización e entrenamentos dos equipos do colexio corre a cargo do clube Balonmán Bueu

Hai catro equipos: Dous masculinos e dous femeninos. Participan na liga de federados e levan logados catro encontros.



PROMESAS NON CUMPLIDAS

Desde fai tres cursos o Concello de Bueu vennos prometendo unhas canastas de baloncesto para o patio do colexio. Este curso como no anterior non poidemos facer equipos de baloncesto para xogar nos Campeonatos Escolares por non ter canastas para entrenar.

Esperamos que antes de fin de curso poidamos ter as deseadas canastas que tanto se fan esperar, e que nos amañen a pista do colexio.


SUPERPASATEMPOS

SUMA MÁXIMA

$$\begin{array}{rcccccc}
 5 & \boxtimes & 6 & \odot & \boxtimes & \text{S} \\
 + & \text{S} & \odot & 7 & 5 & \boxtimes & \boxtimes \\
 \hline
 18 & 5 & \text{S} & 6 & 6 & 15
 \end{array}$$

* Nesta suma, algunos valores fueron sustituidos por símbolos. Deben hallar o valor los mismos.

XEROGLÍFICO



* ¿Qué se está haciendo?

SOPA DE LETRAS

A	N	D	R	E	A	S	N
S	N	K	B	U	N	O	B
B	Z	V	E	O	D	D	T
T	I	D	A	N	I	D	A
R	I	V	A	L	I	I	D
K	S	R	A	V	X	E	N
E	B	N	A	X	V	A	E
L	S	D	T	E	K	N	R
L	J	S	T	D	E	S	B
Y	G	S	B	R	O	T	Y

* Nesta sopa de letras tes que encuentren los nombres dos protagonistas de una Sensación de Vivir

Santa M^a de Cela

O traballo da maza Parroquia

- Absentes desta parroquia chamada Cela, dedícanse á agricultura e pesca. Hai tamén un grupo pequeno de persoas que teñen outros oficios.

Neste tempo a xente dedícase a coller o millo e a empalleirar palla para os animais. Agrupan toxos e herbas secas para estrumarlle ós animais no inverno.

Tamén plantan hortaliças e outros vexetais que coa auga crecen mellor, despois úsanse durante a metade do ano.

E van ó monte a buscar paus secos, gárdanos nas súas casas para as noites frías do inverno, encender o fogo, e alí queñamos. Os nosos vellos ó carón do lume, conta nos historias que lles pasaron a eles. Así nos pasa o tempo moi depressa.

Os nosos pais dedícanse a ir o mar de altura; aínda que algúns están aquí, na ría. Cando a ría non está en veda, como agora, collenas e despois subastannas. As subastas son divertidas.

